

abaixo e á esquerda
está o corazón

Altermundo

GALICIA HOXE | DOMINGO, 24 | ABRIL 2011

O DECRECEMENTO: FERRAMENTA POLÍTICA DE TRANSFORMACIÓN

Diante dunha situación caracterizada por unha tripla crise, socio-política, económica e sobre todo ecolóxica, os movementos tranformadores necesitan novas respostas e camiños de actuación



FLORENT MARCELLESI
Investigador en Bakeaz e membro de Berdeak-Los Verdes e de Deshazkundera

Desde unha parte da esquerda anticapitalista e desde a ecoloxía política, outorgouse ao decrecemento un papel de ferramenta política de alta validez. De xeito efectivo pensamos que pode servir para superar un capitalismo que

pretende virar cara ao "verde" sen pór en cuestión a súa lóxica inxusta e insustentábel, así como afrontar o triste futuro que nos depara a mudanza climática se non actuamos con decisión.

Basicamente o concepto do decrecemento pon en cuestión os grandes fundamentos do produtivismo ao expor que non hai crecemento infinito posíbel nun planeta finito. Apoiándose en autores de varias procedencias ideolóxicas como Iván Illich, André Gorz ou Nicholas Georgescu-Roegen oponse, polo tanto, ao consenso xeneralizado segundo o cal o crecemento económico é o alfa e o omega do benestar humano e, até, da conservación dos ecosistemas. Do mesmo xeito, da man ou a pesar do incremento constante do PIB mundial desde hai 50 anos, a pegada ecolóxica da humanidade—é dicir o impacto das nosas sociedades sobre o medio—excede hoxe en case un 30 por cento a capacidade de rexeneración do planeta. Se todas as persoas vivisen como a cidadanía vasca necesitaríanse tres planetas. Mentres tanto, as inxustizas e desigualdades aumentan deixando na fenda non só aos países do Sur senón tamén ao case 9 por cento de persoas que viven por baixo do limiar da pobreza relativa en Euskadi—20 por cento no Estado español—; iso, sen contar o déficit democrático que supón o imposible control da cidadanía sobre as cuestións enerxéticas e a inexistencia de mecanismos de democracia deliberativa e directa.

Malia que se poden discutir algunhas implicacións que posúen a utilización e idoneidade do termo

“decrecemento”, constatamos que na maioría dos casos o rexeitamento ao concepto enmascara en realidade un forte temor ao seu contido subversivo e á dificultade que entraña a posibilidade de manipularlo—a diferenza do acontecido por exemplo co “desenvolvemento sustentábel”—.

Igualmente, un cada vez máis importante número de persoas e movementos sociais están comezando a utilizar o decrecemento non só para vivir acorde cos seus principios de simplicidade voluntaria, senón tamén para organizarse, reflexionar e achegar propostas concretas de cambio. Ademais, en Francia, Italia ou no Estado español a nivel político o movemento verde está dando un forte impulso á cuestión e os movementos da esquerda anticapitalista traballan cada vez máis sobre o tema.

Sen dúbida o concepto de decrecemento, ao introducir a finitude do planeta e o lema “vivir mellor con menos”, posúe unha serie de virtudes innegábeis e que, desde unha perspectiva política, pode achegar elementos centrais para o futuro como:

- Unha reconceptualización de conceptos como os de desenvolvemento, traballo ou riqueza, e unha profundización e rescate doutros como xustiza social, cidadanía ou mesmo democracia.
- Propostas novas desde a xustiza ambiental e as relacións Norte-Sur, a relocalización dos procesos de produción-consumo ou a aposta cara a novos modelos urbanísticos e enerxéticos como as cidades en transición.
- O valor da coherencia entre o comportamento individual e a acción colectiva.

• Unha ponte entre sociedade e espazos de transformación social, e a creación dun nexos estratéxico entre partidos e movementos verdes, anticapitalistas e ecosocialistas.

Xa que logo, ante o modelo capitalista de crecemento infinito, o decrecemento propón unha alternativa non por sinxela de comprender menos revolucionaria. Fronte á ditadura do PIB, resituemos á persoa no centro dos debates. Deixemos de perder o tempo co “hai que gañar a vida” e de esnaquizar o ambiente; apostemos pola emancipación persoal e colectiva e a conversión ecolóxica da economía reducindo o consumo e producindo segundo as nosas necesidades reais, compartamos o traballo e liberemos tempo para investilo en actividades creadoras de riqueza social e ecolóxica. En definitiva, optemos pola cidadanía, a xustiza social e ambien-

tal, hoxe e mañá, no Norte e no Sur. Noutras palabras, apostemos por vivir mellor con menos!

En definitiva, o decrecemento non é algo totalmente novo; se cadra, nin sequera pode caracterizarse como unha ideoloxía política per se. Con todo, posúe a capacidade de dar alternativas a un sistema depredador e inxusto, e de crear pontes entre diferentes tradicións políticas e sociais, o que o converte nunha poderosa ferramenta política estratéxica e unha aposta de transformación social. ●

+INFO: O texto está tamén asinado por Igor Moreno Jauregi e Iñaki Valentín, de Gorripidea-Zutik e Antikapitalistak respectivamente. O autor mantén un blog onde se poden atopar este e outros textos, así como os seus traballos de investigación sobre ecoloxía política: florentmarcellesi.wordpress.com





DA EXPERIENCIA LOCAL AOS MODELOS GLOBAIS

O director do Centre Tricontinental, un instituto de estudo sobre os actores sociais e políticos do Sur, analiza as razóns polas que non xorde ningunha alternativa global ao capitalismo



BERNARD DUTERME
Sociólogo,
Director do
CETRI (Centre
Tricontinental
de Bélxica)

Este texto céntrase nas preguntas e os desafíos expostos pola articulación—percibida como desaxada—de experiencias alternativas locais para a formulación de contramodelos globais, ou dun só contramodelo global! En concreto, trata sobre as condicións desta articulación entre iniciativas locais e os avances dunha utopía nova cara a unha escala mundial...

En realidade é o mesmo problema que atormenta a todos os foros sociais mundiais e rexionais—a dinámica do movemento “altermundista” no seu conxunto e máis aló—nos últimos dez anos. E isto nun contexto de “capitalismo global” en gran parte dominante, sen a existencia dun verdadeiro contrapoder. En calquera caso, sen ningún tipo de cuestionamento real e verdadeira forza social que ameacen directamente a súa lóxica. Modelo dominante sobre o que existe un consenso en denunciar—e nisto si hai consenso entre os contestatarios!—os impasses e as contradicións: se é efectivamente creador de riquezas e de progresos tecnolóxicos, este modelo tende por unha banda de aumentar a concentración dos recursos e os ingresos e xa que logo a desigualdade, e pola outra destruír o ambiente por unha dobre lóxica—máis ou menos regulada—de explotación e de mercantilización.

Nos últimos anos, o conxunto de crises—alimentar, financeira, económica, climática, enerxética, ambiental...—fixo máis evidente as limitacións estruturais deste modelo dominante e ampliou o espectro dos “contes-

tarios” e as propostas alternativas máis aló das fronteiras habituais... até escoitar, por exemplo, ao presidente francés Nicolás Sarkozy en 2009 reclamar a “supresión dos paraísos fiscais”—estamos aínda lonxe—e máis recentemente, ao ex futbolista Eric Cantona, chamar aos aforradores a retirar o seu diñeiro dos bancos para “derrocar o sistema”.

Como pór orde na profusión de críticas, iniciativas, propostas e perspectivas alternativas? Converxen estas na definición dun novo modelo de desenvolvemento? E quen as levaría dentro da construción dun novo “suxeito social”?

COMO PÓR ORDE NA PROFUSIÓN DE CRÍTICAS, INICIATIVAS, PROPOSTAS E PERSPECTIVAS ALTERNATIVAS? CONVERXEN ESTAS NA DEFINIÇÃO DUN NOVO MODELO DE DESENVOLVEMENTO?

Dúas hipóteses para responder a estas dúas preguntas: unha optimista, a outra pesimista. A primeira, é a hipótese da “diversidade articulada”, que toma a dinámica desde arriba, a hipótese positiva, proactiva... A segunda, máis realista, sinala as divisións e as trampas que existen en realidade, sobre as condicións non atopadas até a data pero aínda necesarias para a converxencia das alternativas, desde o local ao global. Esta é a hipótese das “diferenzas e as trampas insalváveis” ou máis ben “aínda non superadas”.

A hipótese da “diversidade articulada”
Para os partidarios da primeira lectura—que se atopa especialmente entre os promotores dos Foros Sociais e as dinámicas dos movementos altermundistas—, si, hai converxencia e articulación nas aspiracións dos diferentes actores contestatarios, nas súas estratexias, así como nas identidades mobilizadas e os opositores designados.

Si, existe articulación entre reivindicacións ou proxectos alternativos a curto, medio e longo prazo. Por exemplo, do imposto sobre as transaccións monetarias internacionais—Tobin e outros—ao investimento da lóxica do

a regulación do comercio mundial, a coherencia mobilizadora impón a súa evidencia.

Si, hai vínculos, no seo desta dinámica unificadora, entre as demandas de orde socioeconómica, ecolóxica, política e cultural. Desde a promoción dun “orzamento participativo” ou a “excepción cultural”, até a loita contra os biocombustíbeis, contra a “caza dos desempregados”, contra a guerra en Afganistán, polos dereitos dos homosexuais, contra o racismo... as pasarelas son reais e numerosas.

Si, até hai converxencia no movemento altermundista, no mellor dos casos, entre posturas reformistas e radicais, regulacionistas e transformadoras, socialdemócratas e socialistas, etc. Escoitamos a figuras radicais e notorias reconecer que “nun primeiro intre, as reformas progresivas son necesarias”, que “a estratexia de pequenos pasos constitúe unha necesidade”. E escoitamos a persoeros reformistas admitir que, nestas mobilizacións, son os radicais quen “mostran a dirección correcta, definen a utopía como obxectivo.”

Máis fundamentalmente, os observadores optimistas van diagnosticar, sobre esta converxencia dinámica alternativa, a aparición dunha “nova perspectiva emancipadora” (Ph. Corcuff) que, baseándose na historia das loitas, actualizaría as aspiracións pasadas e renovaríaa máis recentes. Entre as primeiras, por suposto a aspiración republicana, a do XVIII e XIX da democracia política, da cidadanía, da expresión da vontade popular. A

aspiración de xustiza social, entón, entre os grupos sociais—que fertilizou as loitas socialistas e o movemento obreiro desde o século XIX—e entre os pobos—que alimenta as loitas do terceiro mundo do século XX.

Nestas aspiracións herdadas, a “nova perspectiva emancipadora” engade outras novas, máis recentes ou difusas até ese momento. Baséase en gran medida no rexistro ecoloxista—os límites ambientais para o progreso, o crecemento require reprobematizar, redefinir, influenciar as aspiracións “progresistas”...—, no rexistro feminista—a cuestión da igualdade de xénero debe ser sacada da periferia, dos “temas específicos” ou até “transversais”—, no rexistro individualista—o recoñecemento do suxeito, a situación do individuo sobre o colectivo, o valor da autonomía individual, o tema de individualismo non é deixado ao neoliberalismo—, e por suposto no rexistro cultural—o recoñecemento das diversidades, os dereitos culturais combínanse coas aspiracións igualitarias e democráticas, opostas por moito tempo.

Outra lectura integradora, entre outras: aquela dos “dereitos” como plataforma básica de todas as loitas (Gustave Massiah). Os “dereitos”, polo seu papel vinculante e unificador, dan a este “movemento de movementos” unha plataforma común: a aspiración a unha regulación polos dereitos, para substituír unha regulación polo mercado. Non fala só de reequilibrar o discurso dominante sobre os dereitos, articulando os dereitos civís e políticos, os dereitos económicos, sociais, culturais, os dereitos dos pobos, os dereitos á alimentación, á saúde, ao traballo, á vivenda, etc., senón tamén de ampliar a perspectiva a outros aspectos da vida comunitaria, esenciais na dignidade humana, aumentando así os dereitos ambientais, os dereitos sexuais, reprodutivos, da paz, etc. Indivisíbeis e non xerárquicos, os dereitos individuais e colectivos e o conxunto de loitas que buscan confirmalos ou defendelos con-



Os movementos “políticos” idealizan o ascenso ao poder de movementos indixenistas en América Latina



Nos foros sociais mundiais artéllanse loitas de todos os puntos do planeta

identidades mobilizadas: a articulación entre as identidades sociais, culturais, étnicas, rexionais, sexuais...; e para rematar, articulacións entre os actores populares e os “empresarios sociais”, entre as vítimas directas ou (moi) indirectas do modelo de desenvolvemento dominante, do capitalismo...

A hipótese das “diversencias e as trampas realmente existentes”

A segunda lectura, máis realista, céntrase nas condicións que non se cumpren para a articulación de alternativas. Simplificando ao extremo, o feito sería: non, non hai nin articulación nin converxencia nas aspiracións, estratexias, identidades mobilizadas e opositores designados. E isto debido a unha serie de fracturas e obstáculos relativamente obvios. Non hai tempo para mencionar todos aquí, só tres ou catro exemplos que ilustren a dificultade deste enfoque.

Un primeiro exemplo refírese á división teórica e práctica entre a corrente autosexionaria, centrada nos “cambios desde abaixo”, e a corrente política, centrada nos “cambios desde arriba”. En todas as súas diversidades, os enfoques centrados nos “cambios desde abaixo” baséanse máis ca nada nas tradicións anarcosindicalistas, libertarias, comunitarias ou autosexionarias. Estas falan de experiencias micro-alternativas aquí e agora (hic et nunc), de economía social, solidaria, participativa (Michael Albert), autonomía, contaxio social en lugar de política... Avogan polo rexeitamento das institucións, de toda forma de mediación, de delegación, de recuperación, e desvalorizan a escena política institucional. O modelo idealizado, é o das empresas arxentinas recuperadas polos traballadores despois de 2001, das comunidades autónomas indíxenas zapatistas, dun proxecto de ecoturismo solidario comunitario, etc.: “cambiar o mundo sen tomar o poder”.

Pola súa banda, os enfoques que falan de “cambios desde arriba” baséanse máis ca nada nas tradicións socialdemócrata, xacobina ou marxista-leninista, na lóxica parlamentaria, centralizadora, na relación xerárquica entre as institucións partidistas (arriba) e os movementos sociais (abaixo). Falan de política, relacións de poder, “masa crítica”, alcanzada desde certos límites para que o cambio teña lugar, e teña peso... Avogan pola eficacia política, a estruturação do movemento, a articulación partidista, a tradución política das reclamacións nos diferentes niveis de decisión... todo isto presentado como unha condición de supervivencia, de desenvolvemento e de éxito do movemento. O modelo idealizado é, por exemplo, o de Evo Morales, de líder sindical a candidato presidencial dun

país, en nome dun partido definido como instrumento político dos movementos que o usan.

Entre os “autosexionarios” e os “políticos”, as caricaturas abundan. Os primeiros reprochando aos segundos o querer establecer unha “Quinta Internacional” que confiscaría o movemento e a súa propia dinámica; os segundos reprochando aos primeiros o de realizar unha especie de “Woodstock social”, con dispersión de iniciativas tan simpáticas como inofensivas.

Outra división separa outros dous polos, certamente non homoxéneos e atravesados por moitas correntes, pero moi opostos nas súas relacións coa globalización (François Polet). Os “altermundistas” e os “antiglobalización”: os partidarios de “máis globalización” e os adeptos de “menos globalización”.

En resumo, se os “máis globalización” mobilízanse primeiro por unha verdadeira regulación política supranacional, por unha nova arquitectura institucional internacional—máis democrática, máis representativa, máis transparente—, por unha organi-

OS ENFOQUES CENTRADOS NOS “CAMBIOS DESDE ABAIXO” BASÉANSE MÁIS CA NADA NAS TRADICIÓNS ANARCOSINDICALISTAS, LIBERTARIAS, COMUNITARIAS OU AUTOSEXIONARIAS

zación mundial de comercio e de finanzas promotora de intercambios gustos; os “menos globalización” tenden a percibir a lóxica desta última como unha empresa de refugallos.

Refugallos da soberanía das nacións ou dos pobos, para as correntes soberanistas ou tercermundistas que defenden por exemplo a “desglobalización” (Walden Belo) ou a “desconexión” (Samir Amin). Refugallos do control, na base, das cuestións sociais, económicas, ambientais, culturais, para os partidarios dun enfoque micro ou localista do desenvolvemento, do control cidadán, da reapropiación comunitaria do futuro das sociedades.

Outra fractura, desta vez social e ben coñecida, separa as “vítimas do capitalismo” das “elites alternativas”. Se estas últimas asumiron regularmente un papel de catalizador, de liderado ou de mediación na historia das loitas, a súa sobrerepresentación no seo das dinámicas altermundistas desequilibra. Sobrerepresentación patente no activismo profesional, na acción social e na cooperación, nas ONG, nos actores do Norte, de clase media ou máis, nos urbanos, nos educados máis aló da media—do 75 ao 90% de universitarios e os inscritos no FSM e o FSE... e subrepresentación evidente dos mun-

dos populares, especialmente de África e de Asia.

É a eterna cuestión da ancraxe social relativa ás dinámicas alternativas, da súa composición social, da súa representatividade e lexitimidade. A cuestión dos vínculos entre posicións sociais e a radicalidade. Pero tamén a cuestión das relacións sociais e os cambios culturais flagrantes, entre tal movemento campesiño e tal elite militante globalizada, entre mozos rebeldes cosmopolitas, mobilizados por elección, por gusto ou por altruísmo e os “sen terra” ou “sen teito” presentes por intereses ou vital necesidade (Bruno Frère). A fractura non é nova, e aínda persegue nos exégetas do Maio Francés de 1968.

Para rematar, un grande atranco para a formulación dunha alternativa global levada polos actores converxentes atópase nas variacións contextuais, nacionais, os espazos reais, as condicións específicas nas que poden ou non emerxer tal ou tales tipos de loita. A miúdo substituídas no momento de facer os balances do “estado de resis-

cións” no mundo, as continxencias abundan. Sociedades abertas, pechadas, xestións autoritarias ou democráticas, predominancia de actores rurais ou urbanos, historias sociopolíticas particulares, contextos relixiosos... moitas “variábeis nacionais” evitarán durante moito tempo apostar, por exemplo, por un escenario á boliviana en Tunisia ou en Birmania ou por “estimular as converxencias programáticas” entre actores sociais de Guinea-Bissau, de Palestina e de Brasil...

En resumo, concluiremos “diplomáticamente” que os temas lancinantes e non resoltos que atravesan as converxencias dos actores sociais que se opoñen ao modelo de desenvolvemento dominante e os promotores de alternativas críbeis e democráticas son os mesmos desde o comezo da década de 2000: Que identidade plural—unificación ou construción de puntos de referencia comúns de respecto ás diferenzas...—e que estratexia organizacional para que tipo de efectividade política? Ou mesmo: que ancoraxes sociais para que relación coa política? ●

●**INFO:** O texto corresponde ás conclusións da xuntanza internacional “Do local ao global: que modelos de desenvolvemento para o mundo do mañá”, celebrada en Bruxelas o 9 de decembro de 2010. www.cetri.be



z attac
españa

www.attac.es

sinpermiso

www.sinpermiso.info

ISLANDIA EN RESISTENCIA

Os islandeses seguen a dar exemplar mostras de cordura e dignidade. De liberdade. Por segunda vez rexeitaron pagar as débedas dos seus bancos privados caídos en bancarrota por aplicar a estratexia neoliberal. Supúñalles pagar 13.300 euros por cabeza. Na primeira ocasión os acredores—bancos británicos e holandeses que apostaran no casino bancario islandés os plans de pensións dos seus cidadáns— pedíanlles un interese do 5,5%, agora rebaixárono ao 3% e dábanlles moitos máis anos para reembolsalo. Pero os islandeses seguen a dicir non. Teñen a inmensa fortuna de non pertencer a esta UE que aprisiona á Europa real—e cuxa aposta é defender aos bancos e “mercados” por riba dos cidadáns— e aínda poden rebelarse. Algunhas voces sensatas alertan en Islandia de que o inmenso poder fáctico que hoxe manda no mundo—coa convivencia dos gobernos— non se conformará e ditará represalias. Os acredores ademais están dispostos a chegar a xuízo. Nese pulso andan.

Islandia é un pequeno país nórdico no que os seus 300.000 cidadáns gozaban do nivel de desenvolvemento e civilizada convivencia que adoita caracterizar á zona. Ocupaban o undécimo lugar mundial en PIB per capita e, o que é moito máis importante, o primeiro no Índice de Desenvolvemento Humano, unha clasificación moi rigorosa que establece a ONU, valorando outras variábeis ademais das que falan, exclusivamente, de resultados macroeconómicos. Islandia era o país onde mellor se vivía do mundo. E os seus cidadáns, os máis felices.

En 1998 sacudiulle ao mundo desenvolvido a febre privatizadora. [...] Os islandeses aumentaron a súa



ÓLAFUR ÓLAFSSON

prosperidade ficticia coa xestión da súa banca privada que daba uns créditos e pagaba uns intereses estupendos. Tanto que crebrou (2008). Non eran realistas.

O problema foi que eses investidores e clientes eran na súa maioría británicos e holandeses. E querían cobrar. E aínda queren, naturalmente. Así que as autoridades do Reino Unido intentaron aplicar aos islandeses, como medida coercitiva, a lexislación antiterrorista nada menos. Aos cidadáns islandeses. Non ao Banco ICES-AVE —a nova entidade financeira privada—, nin sequera ás autoridades políticas que propiciaron o fracaso, senón a toda a poboación de Islandia.

[...] Polo momento, Islandia engaiola os seus banqueiros. Como dicía o maxistral artigo de El País que permaneceu varios días como o máis vis-

to do xornal, en España. Case 160.000 visitas directas contabilizadas. Escrito ademais con gran brillantez, tiña frases como esta: “Isto é Islandia, o lugar onde os bancos creban e os seus directivos poden ir á cadea sen que o ceo se esborralle sobre as nosas cabezas; a illa onde apenas medio milleiro de persoas armadas con perigosas cacerolas poden derrocar un Goberno”.


[...] En resumo: en Islandia a cidadanía—logo de estar coa auga por riba da cabeza e comezar a afogar—reaccionou e dixo non. Os seus políticos consúltanlles e non obran en contra da súa opinión, polo momento. Quen estamos na éxida da UE dobramos a cerviz prestos á estocada. Apaixonante saber se Islandia gañará o pulso. ● [“Islandia, ejemplo de reacción”. **Rosa María Artal, 12/04/11**]

Cando culpan aos sindicatos...

[...] do que se decata o sindicalismo —e, aparentemente, uns poucos máis— é que unha vez que o movemento sindical estadounidense sexa máis ou menos neutralizado, a economía non só mudará nun mercado en declive, senón que as medidas volveranse aínda máis drásticas e máis brutais. Sen contar cos sindicatos como niveladores, os enaxenados “free riders” do Sur—obreiros non sindicalizados cuxos salarios e beneficios son artificialmente incrementados pola existencia e a ameaza dos sindicatos— van descubrir exactamente o que é o “mercado libre” da forza de traballo, en primeiro plano e persoalmente... e non vai ser agradable.

Para ter en conta: con máis de 100.000 solicitudes de traballo competindo e pelexando por uns 2.100 empregos —e en preocupacións nin temores de ter que competir por salarios e beneficios cos sindicatos— Por que motivo unha compañía pagaría máis do que se lle require? Por que unha compañía, calquera compañía, habería de entregar unha porción máis do que debe?

Sen a resistencia dos traballadores organizados sindicalmente, a lei da oferta e a demanda vai impulsar unha carreira desenfreada ao fondo do precipicio. E en lugar de que Alabama se transforme no novo Detroit —como advirten os atractivos folletos promocionais— parecerase, co tempo, a unha nova Bangladesh. ● [“Cuando los trabajadores culpan a los sindicatos...” **David Macarary, 4/04/11**]



ESQUERDA.NET

www.esquerda.net

Nas mans do FMI, por que?

Nos últimos días asistimos a un clamor sobre a inevitabilidade do recurso ás medidas económicas e sociais impostas polo FMI e polo Fondo Europeo de Estabilización Financeira (FEFF). Dinnos que non hai alternativa, que ten que ser así, que a degradación da nosa economía é unha bóla de neve e só nos resta isto: o FMI. Mais non tiña que ser así. Non era inevitábel. Non foi unha fatalidade. Só ten que ser así porque ese é o resultado último da política antisocial e arrogante do PS, de mans dadas co PSD, que, en só un ano e medio resgou os compromisos con que se presentou aos electores. Esta é na verdade a consecuencia dunha política feita contra as persoas e de ruptura coas promesas feitas, mentres que se favoreceron os lobbys e os intereses do sistema financeiro.

[...] Pagaremos na pel, e durante varios anos o prezo desa cegueira. Nos nosos salarios, na diminución das pensións, no aumento dos impostos, nos cortes dos apoios sociais. Mais os usuarios só recuarán na subida dos xuros perante a resistencia, non lles entregando as nosas vidas. [...] ● [“Não tem de ser assim”. **Catarina Oliveira, 13/04/11**]



COUNTERPUNCH: www.counterpunch.org



Perigosa equivocación sobre a radiación nuclear

[...] Despois de 1959, a OMS non fixo máis declaracións sobre a saúde e a radioactividade. Que aconteceu? Na 12ª Asemblea Mundial da Saúde, a OMS redactou un acordo co Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA): “Sempre que calquera das organizacións teña o propósito de iniciar un programa ou actividade relativo a unha materia na que a outra estea ou poida estar interesada, a primeira consultará á segunda a fin de resolver a cuestión de común acordo”. A OMS outorga dereito de aprobación previa a calquera investigación ou información ao OIEA. ● [“Attack of the Nuclear Apologists”. **Helen Caldicott, 12/04/11**]

REBELIÓN: www.rebelion.org



Catalunya Caixa: facerse rico coa fame do mundo

[...] Pois ben, agora xa sabemos que eses especuladores non están tan lonxe de nós, pode ser o noso veciño ou nós mesmos e no noso mesmo barrio pode estar a entidade financeira que utiliza o diñeiro para lograr que suba o prezo dos alimentos básicos á conta da vida de millóns de persoas. Iso si, Caixa de Catalunya ten tamén un Depósito Solidario, no cal destina o 50 por cento dos intereses que debe cobrar o investidor a un proxecto da súa obra social. É dicir, pon en marcha a súa obra social cos beneficios dos seus clientes non cos do banco. ● [“Como hacerse rico con el hambre de los demás”. **Pascual Serrano, 14/04/11**]

O MARMURIO...: omarmuriodaonda.blogaliza.org



Das axencias de rating ao fondo de pensións

[...] Hai tres axencias de rating de referencia que serven de fonte de información á prensa mundial. As tres norteamericanas. Estas axencias están baixo o control de bancos e empresarios, son intocábeis e son peza fundamental da engrenaxe dos mercados e, por ende, da economía planetaria. A súa diagnose adoita tomarse como verdade absoluta. Non se discute malia que cometan erros de órdago (sucedeu co caso da ruína de Lehman Brother's cando obtiña a máxima cualificación). Na escola, se suspendes cun cero, mandábanche a recuperación. Aquí, aplaudimos coas orellas. [...] ● [Xurxo Martínez, 9/04/11]

DIÁRIO LIBERDADE: www.diarioliberalidade.org



Feministas: unha Lei de Familia contra as mulleres

[...] toda a Lei se baseia no principio da ocultación e invisibilización das mulleres. Trata-se a familia como unha unidade homogénea, dividida en dúas partes, progenitores/as e descendencia, como moito unha terceira, que serían as persoas maiores a cargo da unidade familiar. Só com isto já podemos desqualificar a totalidade da lei, pois tratar como igual algo que nom o é nem por sombras, tira qualquer tipo de rigor ou de esperanza de que estas medidas pudessem ter algum efeito benéfico para a sociedade. ● [“Nova ofensiva patriarcal contra as mulleres galegas: a Lei de Familia”. **11/04/11**]